

## Unidade didáctica

Tras a actividade do Bardo Abelardo, que o SNL ofrece aos centros escolares da cidade de Vigo, queremos completar a oferta cunha unidade didáctica que oriente ao profesorado para tirar o máximo partido da actividade. Propoñemos unhas actividades e ferramentas para traballar contidos das cantigas que o Bardo Abelardo recitou nos centros escolares.

A unidade céntrase no vocabulario, mais este trabállase con actividades que desenvolven outros conceptos: as relacións, as diferenzas...

As cancións son ferramentas a camiño entre a función lúdica e de aprendizaxe. A repetición dos sons e de palabras axudan á interiorización de conceptos. Os nenos e as nenas lembran as letras das cancións con moita facilidade e isto axuda a que fixen o vocabulario desexado.

Os contidos que trataremos son:

- as profesións
- os sons
- a medición
- os animais
- o corpo
- os parentescos

Estrutturamos a unidade didáctica segundo os contidos, non por canción, xa que en moitas das cancións atopamos trazas de distintos contidos.

Agardamos que esta unidade sirva como base para traballar a actividade máis polo miúdo e sacar todo o partido.

### **Profesións:**

Con estas actividades queremos que os nenos e nenas coñezan o nome de distintas profesións, así como o lugar onde desenvolven o seu labor e o obxecto de traballo. Ao mesmo tempo, coa achega das láminas de debuxo, buscamos eliminar as barreiras de xénero que a sociedade aínda mantén con relación a algunhas profesións. Así aparece unha muller piloto, un home mestre...

Ademais do vocabulario os rapaces e rapazas aprenden a buscar relacións: a panadeira fai pan na panadaría.

Para traballar a súa memoria tentaremos que lembren quen realizaba os distintos labores na cantiga: a formiga era a panadeira...

Para ampliar o horizonte, tentaremos que busquen relación co mundo exterior: que outras profesións coñecen...

### Actividades:

Na historia do **Piollo e a Pulga** aparecen animais que realizan distintas profesións.

1. Os nenos e nenas deben relacionar o que fai cada un cunha profesión.

Comezamos con algunhas das profesións que aparecen no conto.

A panadeira.....fai pan.....na panadaría  
O gaitero.....fai música.....coa gaita



A tecedeira .....fai tecidos.....co tear

2. Podemos preguntarlle se lembran quen facía pan na historia, quen tocaba a gaita e quen tecía.

A formiga facía pan, a araña tecía e o grilo era o gaiteiro.

3. Máis profesións:

o dentista .....arranxa os dentes.....na clínica  
a médica .....cura as persoas.....no hospital  
a piloto.....pilota avións.....no aeroporto (no ceo)  
o granxeiro..... coida animais.....na granxa  
a policía.....atrapan as persoas malas.....na comisaría  
o mestre.....ensina os nenos e nenas.....na escola  
a peixeira.....vende peixe.....na peixería

Poden colorear as fichas que se achegan con esta unidade didáctica.

4. Para traballar o que coñecen.

-que máis profesións coñecedes? Que fan? Onde?

-coñecen a algunha piloto, médica, granxeiro...?

### **Animais:**

Os nomes de animais non só se traballarán nesta actividade, senón tamén dentro doutros contidos, como soporte para outros conceptos. A actividade que aquí recollemos busca traballar o vocabulario de animais, máis tamén a capacidade dos nenos e nenas de recoñecer un animal pola súa descrición e viceversa, é dicir, que sexan quen de facer descricións. Para iso debemos fornecelos de ferramentas que lle sirvan para ese labor.

### Actividades:

1. Primeiro colleremos dous animais (poden ser das fichas que se achegan). Por exemplo un parrulo e un cabalo. É importante que sexan moi diferentes para que os conceptos queden ben claros. Primeiro describiremos a un deles (tendo en conta as diferenzas entre os animais). O parrulo é pequeno, ten ás, nada... o cabalo é grande, non voa... non nos interesan detalles que non diferencien, como que teñen dous ollos...

A un tempo que describimos empregamos conceptos como o tamaño, vocabulario como as partes do corpo...

### **Corpo:**

Coas actividades, que presentamos neste apartado, buscamos integrar no vocabulario dos nenos e nenas os nomes desta área concreta. Por outra banda estas actividades axudan a desenvolver a capacidade de atención dos miúdos, xa que somos nós os que decidimos como e cando realizan unha acción. Os nenos e nenas aprenden a realizar as tarefas seguindo as normas establecidas.

### Actividades:

1. Coa canción **da bailarina** ou a **da vaquiña** pódese traballar o nome das partes do corpo. Achegamos unha lámina coa imaxe dun neno onde están marcados varios nomes. Podemos entregar a lámina sen colorear aos nenos e nenas da aula e ir dicindo nomes de partes do corpo para que vaian pintando a parte do corpo nomeada. Se se quere pódese complicar máis a actividade dicindo, non só o nome da parte do corpo que teñen que colorear, senón a cor que deben empregar, traballando tamén así, o nome das cores.
2. Coa canción **da vaquiña** podemos realizar traballos de psicomotricidade. Pedindo que os nenos e nenas vaian movendo a parte do corpo que nomea a canción. Somos, de novo, de novo nós os que decidimos como e cando realizan unha determinada acción.
3. Outra actividade que se pode realizar a raíz destas cantigas é poñer en relación o todo e as partes. É dicir, que os nenos e nenas relacionen en conxuntos as partes do corpo. Preguntaremos:

-Onde están os ollos (a parte)? Buscando a resposta: na cabeza ou na cara (o todo). Así coas distintas partes do corpo que queiramos traballar.

### **Os sons:**

A música é unha fonte importante de estímulos no plano da percepción e unha gran ferramenta que potencia a capacidade expresiva.

Para traballar este concepto achegamos unhas láminas (recollidas da páxina web de musicaeduca) que podemos empregar para que recoñezan distintas propiedades dos sons.

### Actividades:

1. Traballaremos as distintas propiedades do son.

-A intensidade é a maior ou menos amplitude de vibración. Correspóndese co volume e é un aumento ou diminución da forza realizable (ao tocar un instrumento, ou falar). Temos tres láminas sobre a intensidade, a da campá grande e a pequena, a do xigante e o anano, e a do home berrando e o outro falando baixiño.

Preguntaremos: cal fai máis forza ao chamar á porta o anano ou o xigante? Entón cal fai un ruído máis forte?

-A duración é a calidade do son que nos permite distinguir entre sons longos e curtos. Faremos preguntas aos nenos e nenas sobre a duración dos sons que fan estes animais. Que dura máis un relincho dun cabalo ou o cuac dun parrulo?

-A altura do son é a calidade que diferenza un son agudo dun grave. Podemos empregar os debuxos que achegamos e tamén as voces de debuxos animados que coñecemos. Podemos xogar a pór voces de animais. Como falaría un oso enorme e como falaría un ratiño pequerrecho?

-O timbre é o atributo que nos permite diferenciar dous sons con igual sonoridade, altura e duración.

Preguntaremos: que son fai o tambor? É igual que o son da fruta? Como fai a fruta?... Ensinaremos que os sons son distintos a pesar de que poidan durar o mesmo ou fagamos a mesma forza.

2. Outra actividade para traballar o son é xogar aos sons dos animais. A un tempo traballamos o vocabulario relativo aos nomes de animais e por outro a capacidade de relacionar nomes e sons. Nas cancións temos moitos nomes de animais que poderemos empregar.

A dinámica da actividade ten dúas fases. A primeira fase é dar nomes de animais e preguntar polo son que fan. *Como fai a vaca? A vaca fai muuuu.* A segunda fase da actividade é darlle á volta. *Que animal fai muuuu?* É importante lembrar que animais empregamos na primeira fase, xa que é necesario ter un número fixo de animais.

### Medicións:

Neste apartado traballaremos varios conceptos: os tamaños, as distancias e as partes do día.

### Actividades:

1. Na cantiga das meninas aparece a expresión bon día! Con esta actividade traballaremos as partes do día e as rutinas dos nenos e nenas. Primeiro preguntaremos: *cando se di bo día, polo día ou pola noite? Pola mañá ou pola tarde? Que se di pola tarde? E pola noite?* Unha vez que teñamos as divisións do día claras preguntaremos: *que se fai pola mañá? -espertar, almorzar, vestirnos, lavar os dentes... que se fai a mediodía?-comer, lavar os dentes...*
2. Para traballar as distancias podemos empregar a aula. *Que está lonxe, que está preto?* Unha vez teñan claras as distancias buscaremos integrar un referente. *Que está preto de Uxía? Que está lonxe?*

Tamén podemos empregar as láminas que vos entregou o Bardo Abelardo .

3. En moitas das cantigas aparecen distintos animais. Escolleremos algúns e traballaremos o concepto do tamaño, ao igual que coas distancias o segundo paso é obter un referente. Un parrulo é pequeno se o comparamos cun cabalo, mais se o comparamos cun piollo, un parrulo é grande.

### Parentescos:

Na pulga e o piollo falan de casar. Traballaremos co léxico de parentescos e amizades: amigo, amiga, nai, pai, irmán, irmá, avó, avoa...

### Outras actividades:

1. O teatro, a imaxinación, a expresividade... poden fomentarse coa axuda dos monicreques. As imaxes que vos entregamos poden servir para recortar e pegarilles un pauciño como os dos xeados creando así uns monicreques. Podemos pedirilles que escollan unha personaxe e que representen unha historia.

2. Outro xeito de facer monicreques é facendo papiroflexia. En internet hai moitos exemplos de traballos en papel con todos os pasos a seguir, algúns deles, coa supervisión do profesorado serven para os máis pequenos.

Achegamos un exemplo de monicreques feitos con papel, pegamento de barra e unhas tesoiras para recortar os brazos e as pernas.

